



BASES DO CONCURSO–SORTEO DE CONVITES DOBRES PARA A GALA DOS PREMIOS FERROZ 2026

1. Obxecto do concurso

O presente concurso ten como finalidade o sorteo de invitacións dobres e nominais para asistir á Gala dos Premios Feroz 2026 que se celebrará o 24 de xaneiro no Recinto Feiral de Pontevedra. Farase un sorteo de **10 invitacións, todas elas dobres e nominais**.

2. Beneficiarios/as

- Poderán participar neste concurso todas as **persoas empadroadas no municipio de Pontevedra**.
- Os/as participantes **deberán estar presentes no Teatro Principal** que porá a disposición as 431 localidades habilitadas (cabida completa).

3. Data e lugar do sorteo

O sorteo realizarase en directo **o día 15 de xaneiro** durante o evento que terá lugar no **Teatro Principal**.

4. Mecánica de participación

- A apertura de portas será ás 16.00 h.
- Á chegada ao teatro, cada persoa asistente recibirá **un ticket cun número asignado** para participar no sorteo. Nese momento poderá introducir persoalmente o seu número na urna habilitada para o sorteo que estará no vestíbulo do Teatro.
- Só se entregará un ticket por persoa.
- A posesión do ticket será imprescindible para participar e, no seu caso, recibir o premio.

5. Desenvolvemento do sorteo

- O sorteo será **en directo** ás 17.00 h mediante a extracción aleatoria dos números incluídos na urna que se trasladará ao escenario do Teatro.
- Os números premiados anunciaranse publicamente durante o evento.

6. Entrega do premio

- Para poder recibir o convite, é obrigatorio que a persoa premiada estea presente no Teatro no momento do sorteo.
- A persoa gañadora deberá **subir ao escenario** para recoller a súa invitación.



- No caso de que a persoa premiada non se atope presente ou non acuda ao escenario tras ser chamada, o premio quedará deserto ou poderá volver sortearse (segundo criterio da organización).
- No caso de que a persoa premiada sexa un menor de idade, é obrigatorio que quen faga uso do convite de acompañante sexa unha persoa adulta.

7. Premio

O premio consistirá nunha **invitación dobre e nominal** para asistir á gala, sen posibilidade de cambio.

As persoas gañadoras deberán amosar á organización o seu DNI para comprobar a súa identidade e comprobarase a súa residencia no municipio a través do Padrón municipal de habitantes.

8. Difusión

En aras da maior transparencia, o resultado do concurso tamén será difundido a través dos medios de comunicación municipal (web, rrss, comunicados de prensa...), así como polos medios de comunicación local que asistan ao evento. Polo tanto, as persoas premiadas aceptarán a difusión da súa imaxe neste caso.

9. Aceptación das bases

A participación no sorteo implica a **aceptación íntegra das presentes bases**, así como das decisións que adopte a organización para o correcto desenvolvemento do concurso.